



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 6 - AGOSTO - 2005

### ENDEREZOS DE OVICA

**Lugo:** Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

**Allariz:** Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

**Correo Electrónico:** [ovica@mundo-r.com](mailto:ovica@mundo-r.com)

**Páxina web:** [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### NORMATIVA:

#### Identificación individual de animais de ovino e caprino.

Saíu publicado o Real Decreto (Boe 181 do 30 de xullo de 2005) polo que se establece un sistema de identificación en rexistro dos animais das especies ovina e caprina.

Os animais nados despois do 9 de xullo de 2005 que non sexan destinados a sacrificio serán identificados mediante un crotal de plástico na orella dereita e un bolo ruminal (microchip).

Será obrigatoria a identificación dos animais a partir dos 6 meses de vida (prorrogable a 9 meses en caso de gandeiría extensiva).

O sistema será financiado polo goberno do estado (60% no ano 2005 e 50% en anos posteriores) e pola comunidade autónoma (cantidade a determinar).

OVICA presentou un escrito ante a Xunta de Galicia solicitando: a gratuidade do sistema, información sobre o sistema de asignación, distribución e colocación dos sistemas de identificación, información sobre o modelo de libros de rexistro a implantar, información sobre o tipo de documentos de traslado de animais.



Nave móbil, unha solución válida para resgardar o gando durante a noite en pastos co cercados pouco seguros.

Antonio Ferreiro Lence (Lugo)

### RAZAS: **West African.**



Orixe: África.

Producción: Carne.

Cualidades: Moi boa aptitude cárnica. Ovella de pelo.

### SOLICITUDES DE ALTA XUÑO / XULLO.

-Dominga Barja Valencia (Porqueira - Ourense)

-Luciano López López (Sarria - Lugo)

-Antonio Rivera Celeiro (O Páramo - Lugo)

### SEGUROS:

#### Actualización do número de animais declarados.

Se tes animais asegurados e varias o censo de gando é necesario actualizar o número de animais declarados na póliza de seguro, a fin de evitar problemas en caso de sinistro.

Asimismo, é moi importante que no caso de ser obxecto dunha inspección por parte de Agroseguro que descubriera a non correspondencia entre os animais declarados e os realmente existentes nas explotacións, se poñan en contacto con nós á maior brevedade.



CONTRATA O SEGURO A TRAVÉS DE OVICA



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA – VENTA

- Mércanse 2 machos de cabrún. Jesús (Cervantes) - 982 16 16 76
- Vende 137 ovelas. Angelines (Xinzo de Limia) - 637 55 87 80
- Vende 300 ovelas e dereitos. Ricardo (Baltar) – 988 466 531 / 617 703 340.
- Vende 100 cabras. Juan Luis – 630 589 097
- Véndense cabritos de reposición para reprodutores. (Xinzo de Limia) 629 47 96 23
- Vende cachorros de mastín – Roberto (Cerceda – A Coruña) – 646 092 848
- Vende cachorros de mastín – Miguel (Begonte – Lugo) – 626 042 308
- Vendese rebaño 66 ovelas e 111 dereitos – Blanca (Maceda - Ourense) 685 100 436.
- Véndense machos e femias recría ovino – Montefirme (O Saviñao - Lugo). 651 910 102


## INFORMACIÓN TÉCNICA.

### Parasitación por oestrus

A oestrosis é unha enfermidade parasitaria da ovella e da cabra caracterizada por un catarro das fosas nasais, orixinado polas larvas da mosca *Oestrus ovis*. Esta mosca, de cor grisáceo, pouco peluda, de 10 a 12 mm de lonxitude, é capaz de vivir só algúns días.



A mosca expulsa xeralmente as larvas e os ovos en pleno vó nas inmediacións dos orificios nasais do gando. Estas larvas introdúcense polos ollares ou ben chegan a eles o ser lambidas atópanse noutras partes do corpo; de aquí chegan ás fosas e senos nasais, así como a cavidade de soporte dos cornos, lugares onde se desenrolan no prazo de 9 a 10 meses, alimentándose dos produtos resultantes da inflamación da mucosa.



Pode observarse que ó sufrir a invasión das larvas, reaccionan con inquietude axitando a cabeza e frotándoa contra os membros anteriores, e incluso contra o chan. As primeiras semanas ou meses, non presentan síntomas, agás un fluxo nasal. Sen embargo son as larvas maduras as que orixinan uns meses máis tarde un catarro nasal agudo con secreción uni ou bilateral, estornudos e movementos para rascarse o nariz ou a cabeza. Igualmente podemos observar fluxo lagrimal, movementos de xiro e situacións de excitación ou de depresión, marcha insegura.

## NOVAS DO SECTOR

### Convenio de colaboración coa Facultade de Veterinaria da USC

Comezaron as prácticas de alumnos/as da Facultade de veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela. Os/as estudantes colaborarán co servicio veterinario de OVICA durante os meses de agosto e setembro.

## ACTIVIDADES:

### Campaña de Rapa 2005.

A mediados do mes de xullo rematou a campaña de esquila do ano 2005. Esta campaña levada a cabo por esquiladores contratados por OVICA pódese resumir do seguinte xeito.

<b>esquiladores</b>	7
<b>ovellas</b> rapadas (socios/as OVICA)	31.850
<b>ovellas</b> rapadas outras explotacións	15.704
<b>TOTAL ovelas rapadas</b>	<b>47.554</b>
<b>explotacións</b> asociadas a OVICA	151
outras <b>explotacións</b>	63
<b>TOTAL explotacións</b>	<b>214</b>

## HUMOR

Cabatero



-Alfredo Suárez Canal  
conselleiro do Medio Rural.  
-E cambioulle o nome á Consellería

COGICA  
caprino e ovino galego